

ESPAZO XUVENIL

Para mozas e mozos de 14 a 19 anos

Venres, sábados e domingos de 17.00 a 21.00 h

Xuntámonos as fins de semana no 2º andar do Mercado Municipal. O **Espazo Xuvenil** está listo para que gocemos do noso tempo libre... e coas mellores vistas de Riveira!

Mesas de traballo, zonas de estar, proxector e pantalla, set de DJ, ordenadores, espazo wifi, cine, música, xogos, obradoiros de fotografía e cine están listos para que os usemos nas tardes dos venres, sábados e domingos.

A caixa de suxestións segue aberta para recibir máis peticións.

Ao abrir a caixa de suxestións de outubro apareceron unha avalancha de peticións de obradoiros sobre **audiovisual, fotografía e viaxes de fin de semana por Galicia.**

Ben dito, ben feito! Aquí vai a programación para o mes de novembro.

A entrada e a participación en todas as actividades é gratuíta!

Obradoiro aberto de iniciación á curtametraxe

Venres e sábados de novembro de 17.00 a 21.00 h.

- Queres **dirixir** unha peli?
- Queres ser **actriz ou actor**?
- Queres **cantar ou bailar** nunha peli?
- Queres ser **cámara**?
- Redactar un **guión**?
- Facer **decorados, ambientación, maquillaxe**?

Todo canto queiramos aprender sobre como rodar un filme témolo este mes de novembro no Espazo Xuvenil.

Como se fai unha peli?

Días 2 e 3 de novembro de 17.00 a 21.00 h

A fotografía é cine

Días 9 e 10 de novembro de 17.00 a 21.00 h

Monográfico de actrices e actores diante da cámara

Días 16 e 17 de novembro de 17.00 a 21.00 h

Monográfico de iniciación á rodaxe

Días 23 e 24 de novembro de 17.00 a 21.00 h

Vinde que imos rodar unhas curtas!

Alfombra vermella no Espazo Xuvenil

O día 30 de novembro, venres, ás 20.00 h teremos a gala de presentación das pelis que fixemos.

Obradoiro de fotografía

Venres e sábado, días 9 e 10 de novembro

17.00 h a 21.00 h

- O paso do analóxico ao dixital
- Iniciación á fotografía dixital
- Composición de imaxe
- O enfoque
- O encadre
- Fotografía con móbiles
- Retoque dixital
- Fotomontaxes

Xa estamos aí!

Ao rematar cada cada xornada... proxección das nosas fotos no Espazo Xuvenil.

Todo sobre fotografía nunha finde de novembro!

Recorda:

Os domingos o Espazo Xuvenil permanecerá aberto de 17.00 a 21.00 h

Viaxe Aventura GRATIS aos Canóns do Sil!

A Aventura será a fin de semana do 10 e 11 de novembro de 2018

Info e inscricións: xuventude@riveira.com / 981 835 289

OLLO! Podemos participar quen teñamos entre 13 e 17 anos e esteamos empadroadas/os no Concello de Riveira.

Temos preferencia nas reservas as usuarias e usuarios do Espazo Xuvenil. Recorda coller o teu **TICKET AVENTURA** na mesiña da entrada (onda a Caixa de Suxestións).

A aventura de finde:

- Aloxamento Esgos Youth Hostel.
- Visita ao Mosteiro de San Pedro de Roca, o conxunto monacal máis antigo de Galicia, e ao Centro de Interpretación onde poderemos ver como vivían os monxes na antigüidade.
- Xincana con GPS.
- Xogos e velada nocturna no albergue despois da cea.
- Visita aos Canóns do Sil. Iremos a un dos miradoiros máis espectaculares de Galicia que se chama “Balcóns de Madrid” e que é sen dúbida o máis mediático da Ribeira Sacra.
- Ruta a pé polas pasarelas do Río Mao. Este paseo de madeira con rampas, escaleiras e un miradoiro é perfecto para gozar do estreito val do Mao e da súa magnífica natureza. O paseo é soamente 1 km ata chegar á unión dos ríos Mao e Sil. Acabaremos o percorrido na praia fluvial de Barxacova que forman as augas retidas polo embalse de Santo Estevo e o final do val do Mao.

Coñecemos o melloriño de Galicia nas Viaxes Aventura!